Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Recinto Fexdega
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 566 898
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es -www.vilagarcia.es

XVII EDICIÓN DA CARRERIA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA

REGULAMENTO

Art.1.- A Fundación de Deportes organiza a XVII Edición da Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía o sábado 31de xullo do 2021; baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo, a través da súa delegación en Pontevedra.

Art. 2.- Proba incluída no Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e controlada a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e tamén por control de chips a través de Championchip.
Protocolo covid-19: En todo momento tanto a organización, atletas e outras persoas e entes implicados no transcurso do evento seguirán o "PROTOCOLO FISICOVID – DXT GALEGO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA FACER FRONTE A CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19 NO AMBITO DO DEPORTE FEDERADO DE GALICIA" (citase parte do protocolo específico no Anexo II).

Art. 3.- CATEGORÍAS , DISTANCIAS E HORARIOS DE SAÍDAS.
Poderán participar na mesma todas as persoas que queiran independentemente do sexo e idade, segundo as categorías que a continuación se establecen, tanto masculina como feminina:

CATEGORÍA ANO DISTANCIAS SAÍDAS

.

CATEGORÍA	ANO	DISTANCIAS	SAÍDA
Sub20-sub23	2003 – 1999	10.000 METROS	21: 45 HORAS
Senior	1998 – 1985		
Máster A	1984 - 1977		
Máster B	1976 - 1967		
Máster C	1966 e anteriores		

*As distancias son orientativas e non homologadas.

deporte para todos

Art. 4.- LUGAR DE SAÍDA E PERCORRIDO

A saída será dende Avenida da Mariña diante do auditorio municipal.

O percorrido por onde vaise a levar a cabo a devandita carreira será polas seguintes rúas: Avda. da Mariña, Avda. Rivero de Aguilar, Rúa Valle Inclán, García de Caamaño, Alexandre Bóveda, Elipidio Villaverde e Avda. da Mariña .

Art. 5 .- INSCRICIÓN

A inscrición para a proba realizarase dende ás 12:00 h do 09 de xullo do presente ano na páxina web www.championchipnorte.com ata as 23:59 h do 27 de xullo, tendo unha cota de inscrición de 5,00€ por participante + 1,00 € de aluguer de chips .

A inscrición estará limitada a 200 partcipantes, os cales serán os 200 primeiros inscritos. Unha vez transcorrido o prazo de inscrición non se fará ningún tipo de modificación, a cota de inscrición só será devolta aos inscritos no caso de ausencia por motivos médicos xustificados.

Na inscrición será obrigatorio por un tempo aproximado de realización dos 10km.

Art. 6.- PREMIOS

A entrega de trofeos realizarase a partir das 23:30h. na zona de Saida-Meta no explanada do Auditorio Municipal.

Todos os atletas premiados cumprirán estrictamente as indicacións da organización e os protocolos establecidos para recoller os trofeos.

Os premios que se entregarán aos participantes da proba serán os seguintes:

- Trofeo para os tres primeros clasificados/as absolutos masculino e feminina,
- Trofeo para os tres primeiros clasificados/as en cada categoría (masculino e feminina).
- Trofeo para os tres clasificados locais masculino e feminina.
- Trofeo para o/a deportista máis veterano/a.
- Camiseta conmemorativa aos participantes da proba absoluta.

Os trofeos non son acumulativos, salvo os de mellores locais.

Art. 7.- RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS

No Auditorio Municipal o día 31 de 11:00 a 14:30 horas e pola tarde dende ás 18:00 ata 21:30 horas. A organización con antelación suficiente facilitará a cada participante as instrucións

para a recollida de dorsais e do desenvolvemento da proba no correo facilitado na inscrición e nos soportes dixitais que a organización empregue para a promoción e información do evento.
E moi importante que os participantes lean o protocolo AntCovid19 e que a hora de recoller o seu dorsal traian asinada a "Declaración responsable" (Anexo I); sen esa declaración asinada, non se fará entrega do dorsal.
Os dorsais son persoais e intransferibles e irán colocados na parte anterior do corpo de forma totalmente visible durante toda a proba. O incumprimento desta norma poderá ser motvo de descualifcación.

Art. 8.- SAÍDA E FORMATO DA PROBA:

O formato empregado na proba será o de contrarreloxo con **saídas escalonadas cada 20" de 9 en 9 corredores** (este formato poderá variarse se os protocolos ou as condicións o permiten) tratando en todo momento de evitar contactos próximos ou posibles aglomeracións.
Deberá gardarse en todo momento a distancia mínima de 1,5 m de separación tanto na saída da proba, malia producirse calquera adiantamento entre corredores durante o transcurso da proba. Non respectar esta distancia pode ser causa de descualifcación do atleta que infrinxa a devandita norma.
As persoas participantes deberán presentarse na liña de saída segundo o horario previo publicado pola organización e cunha máscara obrigatoria (a organización proporcionará, a maiores da que traian, unha máscara quirúrxica no momento de atravesar a liña de meta) e só a sacarán xusto no momento anterior a saída da proba, depositandoa nun recipiente destinado para tal efecto, ou, no seu defecto, a persoa participante levará consigo durante a proba (isto non será obrigatorio).
Aqueles/as atletas que non se presenten puntuais na zona de saída, non poderán partcipar na proba.
Oe dorsais asignaranse atendendo a orde de saída, de xeito que a primeira persoa partcipante en sair levara o dorsal 1 e a derradeira o 200, no caso de completar as prazas disponibles.
A orde de saída establecerase previamente en función das marcas acreditadas polas persoas participantes.
As saídas serán de 4 en 4 cada 30 segundos (este formato poderá variarse se os protocolos ou as condicións o permiten)

Art. 9.- RECLAMACIÓNS.

As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuiz Árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

ART.10. RESPONSABILIDADE.

A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, que realizou o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para correr a proba. Ademáis exime a organización desta responsabilidade, e que non presenta sintomatoloxía relacionada coa Covid-19, o cal lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo a organización da devandita responsabilidade. A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse as persoas participantes polas súas imprudencias ou neglixencias.

A organización dispón dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil que cubrirá as incidencias inherentes a proba.

ART.11. LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

Todos/as os/as corredores/as, incluidos menores de idade, ao realizaren a inscrición, aceptan e autorizan á organización á publicación do seu nome, da súa imaxe e videos nas clasifcacións, nos medios de comunicación e en internet ou noutro medio de difusión.

Art. 12.- SERVIZOS.

A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.

Asemade contarase co servizo de ambulancia medicalizada.

Próximo ao circuito contase con espazo de parking gratuíto onde estacionar os vehículos dos participantes.

Por mor das medias Covid, non se dispondrá nin de duhas nin de gardarroupa.

Art. 13.- O feito de inscribirse nesta carreira implica a total aceptación do presente regulamento. Todos os inscritos fanse responsables de acatar dito regulamento e o seu descoñecemento non exime do seu cumprimento.

Art. 14.- Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento de FGA, RFEA e WA en vigor e por esta orde.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Ofcial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición a persoa partcipante consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e responsabilidade civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso, e tal e como establece a Lei de protección de datos persoais, a persoas interesada pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectifcación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico a Federación Galega de Atletismo (avda. de Glaegow, 13, 15008, A Coruna).

A ORGANIZACIÓN: FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZO DEPORTIVOS MUNICPIAS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Anexo I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE PARTICIPANTE NA XVII CARREIRA NOCTURNA

D. / Da. _____ con

DNI / NIE _____

Para a actvidade Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía organizada pola Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía incluida no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo, desenvolvida en Vilagarcía de Arousa o dia 31 de xullo de 2021.

SOLICITO

Que a persoa cuxos datos figuran no encabezamento (o interesado) participe na Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía, para a cal, lin con detalle o Regulamento da proba, a información proporcionada pola organización, a da Federación Galega de Atletismo e acepto as condicións de participación e expreso o meu compromiso coas medidas persoais de hixiene e prevencion do protocolo covid-19 da entidade e asi mesmo

DECLARO

● Que o interesado cumpre os requisitos de admisión establecidos no documento de aceptación de condicións de partcipación, obriga de información e consentimento informado, non sendo grupo de risco.

● Que o interesado non tivo nos últmos 14 días nin problemas respiratorios (infección respiratoria de aparición súbita e de calquera gravidade, tose ou falta de alento), vomitos, dor abdominal ou diarrea, diminución do olfacto ou do gusto, dor de garganta, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral ou febre superior aos 37,5 ºC.

● Que o interesado non estivo en contacto con ningunha persoa que fora confirmada de COVID-19 nos últimos 14 días.

● Que o interesado non convive con ninguén que sexa grupo de risco, ou que no caso de que así sexa, partcipa na actvidade baixo a súa propia responsabilidade.

● Que lin e acepto os compromisos contidos no protocolo para previr a COVID-19 da Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía, da Federacion Galega de Atletismo, publicados na web desta entidade: atletismo.gal

● Que son consciente dos riscos que implica a participación da persoa interesada na actvidade no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

En Vilagarcía de Arousa , a 30 de Xullo de 2021 **Asinado:**_____

ANEXO II

Federación Galega de Atletismo

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500

XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO

8. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA COMPETICIÓNS DE RUTA, MARCHA EN RUTA, CAMPO A TRAVÉS E TRAIL-RUNNING

A autorización final para poder celebrar unha competición corresponde á FGA amparada polo Protocolo de Actuación da Secretaría Xeral para o Deporte, así como establecer o número de participantes máximo en cada competición. Para iso deberán considerarse todas as medidas de obrigado cumprimento establecidas en cada momento e modalidade deportiva.

Os participantes deben coñecer e asumir o risco inherente á práctica deportiva en canto a un posible contaxio e iso aínda cando as organizacións adopten toda unha serie de medidas para que iso non se produza.

Por outra parte, nalgúns casos a adopción de tales medidas por parte das organizacións deportivas poderá alterar ou modificar a dinámica habitual de desenvolvemento das competicións.

8.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

- E obrigatorio o uso da máscara en todo momento. Unicamente poderán quitala durante a proba os atletas, segundo o establecido neste protocolo.
- O contacto entre atleta e xuiz en calquera momento da proba realizarase verbalmente e mantendo, polo menos, 1,5 m de distancia, e nese caso nunca cara a cara se o deportista estivera sen máscara por estar dentro da carreira.
- Esta distancia, na secretaría, sinalizarase no chan mediante unha marca non permanente.
- Non se poderá saudar con contacto físico en ningún momento da proba, e ao rematar a participación abandonarase inmediatamente a zona de competición.
- Durante a competición os atletas deberán gardar en todo momento na medida do posible a distancia de seguridade de 1,5 m. entre eles. Os atletas que non respecten esta norma serán advertidos nunha única ocasión polo organizador, e no caso de persistir na súa conduta serán descualificados e propostos para unha posible sanción.
- Ao atleta descualificado, entregaráselle unha máscara e deberá abandonar o circuito.

- O contacto coa secretaría de competición farase por medios telemáticos (telefónico) na medida do posible. En caso de ser necesaria calquera actuación, deberá manterse como mínimo os 1,5 m. de distancia de seguridade.

8.2. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN XUÍCES FGA

- O uso de máscara será obrigatorio en todo momento.

8.2.1. Reunións do Xurado

- As reunións do xurado levaranse a cabo de forma telemática, en caso de non ser posible, realizarase mediante convocatoria reducida a postos de máxima responsabilidade (aprox. 5 persoas para evitar aglomeracións). Con máscara en todo momento e mantendo sempre a distancia de seguridade de 1,5 metros.
- Realizaranse ao aire libre ou en espazos de fácil limpeza e ventilación.
- En todas as salas haberá xeles e solucións hidro-alcohólicas para a hixiene de mans.

8.2.2. Dirección Técnica da Competición

- Desinfectaranse todos os materiais técnicos previa á súa utilización ao inicio e finalización de cada proba.
- Ao finalizar cada proba, procederase a realizar unha desinfección de todos os materiais utilizados.
- Recoméndase definir zonas limpas onde o acceso só pode ser Dirección Técnica e persoal autorizado, cumprindo estritamente as medidas establecidas e o uso de máscaras.

8.2.3. Cronometraxe e xulgamento

- Uso de espazo amplo e con separación, suficiente (1,5 m.) para manter a distancia de seguridade.
- Obrigatorio o uso de máscaras.
- Publicación telemática de resultados.
- Control da carreira en coche máximo 3 persoas ou vehículo alternativo (bicicleta persoal ou similar). Levar sempre a máscara posta, ventilar vehículo antes e despois do seu uso -se se pode durante-, evitar o contacto físico e evitar tocar obxectos do vehículo na medida do posible. Desinfección das partes do vehículo susceptibles de estar en contacto (cinturóns, manillas das portas, etc.)

8.3. RECOLLIDA DE DORSAIS E BOLSAS DO CORREDOR

8.3.1. Cita previa

- Deben adoptarse todas as medidas de distanciamento, hixiene e protección da saúde no seu lugar para a preparación das bolsas do corredor.
- Recoméndase establecer un sistema de recollida por cita previa escalonada e na medida do posible realizarase envío previo aos participantes.
- Recoméndase incluír só materiais esenciais para a competición dentro da bolsa (por exemplo, non materiais promocionais) mentres se reduce a embalaxe tanto como sexa posible.

8.3.2. Recollida

O organizador debe establecer un protocolo de recollida acorde coas medidas de seguridade oportunas, establecendo franxas horarias de recollida específica de acordo co número de dorsal ou orde alfabética dos atletas. E na medida do posible recoméndase o envío previo aos participantes.

- O intervalo de tempo debe calcularse de acordo co tamaño da carpa/sala, o número de atletas e o número de puntos de entrega.
- Recoméndase que sexa un espazo aberto (con cuberta pero sen paredes) e o máis amplo posible.
- Non está permitida a recollida de dorsais por unha persoa non inscrita, excepto polo persoal que fose previamente autorizado.
- No caso das competicións de clubs, só se realizará a entrega a un técnico do club previamente acreditado.
- En calquera dos casos, manterase a distancia de seguridade interpersoal recomendada na fila de entrega de dorsais. Se é necesario procederase a facer marcas no chan.
- A ser posible, habilitaranse os sistemas electrónicos no control de entrega de dorsais para minimizar a interacción con papeis.

8.3.3. Preparación de espazos e materiais

- A hora de preparar os listados, etc... debe cumprirse con todas as medidas hixiénicas e de seguridade.
- Recoméndase non incluír ningún tipo de folleto ou similar no sobre co material de competición.

- No caso de que se lles entreguen chips aos atletas, estes deben ser desinfectados de acordo coas indicacións do provedor do servizo/fabricante, recomendándose o uso de chips desbotables.
- Debe respectarse unha distancia de 1,5 metros entre os atletas dentro da carpa/sala de rexistro e na área de espera fóra da carpa/sala. O espazo debe ser marcado no chan polo comité organizador.
- Recoméndase instalar no mostrador mamparas protectoras transparentes de metacrilato ou similar.
- A sala estará equipada con dispensadores de xel ou solución hidro-alcohólica e toalliñas desbotables.

8.4. QUECEMENTO

- Recoméndase que o organizador estipule un área suficientemente ampla para o quecemento, de modo que se garanta en todo momento a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros.
- O quecemento levarase a cabo de forma individual (non en grupos) e respectando a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros.
- Recoméndase o uso de máscara durante o quecemento.
- No caso de realizarse un recoñecemento do circuíto, só se pode levar a cabo baixo as condicións en que o organizador estableza seguindo as medidas sanitarias establecidas.

8.5. SERVIZO DE GARDARROUPA

Recoméndase non prestar o servizo de gardarroupa; no caso do seu uso, seguiranse as seguintes recomendacións:

- Ofrecer o servizo en zonas exteriores ou ben ventiladas.
- Os voluntarios e persoal usarán máscara e limparán as mans de forma regular con xel ou solución hidro-alcohólica.
- Debe respectarse unha distancia de 1,5 m entre os atletas dentro da carpa/sala e na área de espera fóra da tenda/sala. O espazo debe ser marcado no chan polo organizador.
- O número máximo de atletas (que se manteñen a unha distancia de 1,5 metros) debe predeterminarse/comunicarse na tenda/sala (segundo o seu tamaño).

- O/a atleta deixará unha única bolsa identificada no lugar correspondente, coa identificación en tamaño grande e perfectamente visible.
- O persoal de atención porá a bolsa dos atletas nunha bolsa desbotable e identificada, provista pola organización.
- O/a atleta debe anticipar demoras xa que pode atopar colas.
- Para a recollida, debe amosar o seu número de dorsal e os voluntarios depositarano sobre a mesa evitando todo contacto físico.
- Haberá tempos de entrega e recollida do material por orde de chegada e saída.

8.6. ZONA DE SAÍDA

8.6.1. Área de Espera (Pre-Saída)

- En todas as competicións de ruta, marcha en ruta, campo a través e trail-running implementarase un sistema de saídas individuais ou ata 10 atletas simultáneamente en formato contrarreloxo e separadas coa provisión dun área de espera para os atletas respectando o distanciamento de seguridade interpersoal.
- A orde e a hora de presentación e inicio deben ser determinadas polo organizador, situando primeiro e de forma progresiva aos atletas con mellor tempo.
- Deberán darse intervalos de tempo exactos a todos os atletas e non se lles permitirá aliñarse fóra deses tempos.
- Na área de espera, poderán colocarse de forma escalada tantos corredores como sexa posible, sempre garantindo a distancia de seguridade, de como mínimo 1,5m entre eles, para o que se colocará unha marca no chan, que só deberán abandonar ás ordes da organización.
- Na área de espera o organizador informará das medidas que se deberán cumprir durante á carreira (a distancia a manter entre os atletas, os posibles adiantamentos, actuación dos atletas dobrados, etc.)
- Os atletas en espera, deberán manterse afastados da zona de saída, e avanzarán hacia a liña de saída ás ordes do organizador.
- Nos Campionatos de Galicia será necesario establecer unha cámara de chamadas, segundo a normativa establecida.

8.6.2. Saída

- Poderanse realizar saídas individuais ou de ata 10 atletas simultaneamente, sempre e cando se poda garantir a distancia de seguridade mínima de 1,5 m. entre eles. Na medida do posible, deberase ampliar a distancia mínima de seguridade na posición de saída.
- A saída individualmente ou en tandas de ata 10, será realizada cunha cadencia mínima de 20 segundos.
- Todos os atletas deberán manter posta a máscara que só poderán quitar no momento en que se atopen na liña de saída e seguindo as indicacións da organización.
- A organización facilitará unha papeleira para os corredor que se atope na liña de saída.
- Os seguintes 50 m. como mínimo despois da saída, deberán estar delimitados.
- Debe existir unha identificación clara das distintas posicións de saída.
- O número máximo de atletas permitidos nunha competición en ruta, campo a través ou trail será regulado pola Xunta de Galicia, se procede.

8.6.3. Percorrido

- O deseño do percorrido debe respectar sempre os 3 metros de ancho de via no sentido da carreira. Non se aplicará esta norma nos circuitos de Trail.
- Recoméndase que os circuitos sexan dunha única volta.

8.7. DESENVOLVEMENTO DA CARREIRA

- Os participantes non poderán ir correndo un detrás de outro "a roda", e deberán gardar en todo momento a distancia de seguridade mínima de 1,5 m. Recoméndase que a distancia entre atletas en carreira sexa superior aos 5 m.
- Os adiantamentos realizaranse mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m. como mínimo. O corredor adiantado deberá facilitar o adiantamento.
- Os atletas evitarán falar, berrar ou dar ánimos a outros atletas así como interaccionar co público durante a carreira.
- O non cumprimento destas normas implicará a descualificación do atleta.

8.7.1. Avituallamentos

- As zonas de avituallamento durante o percorrido deben funcionar de acordo cos plans existentes coa provisión de voluntarios adicionais.
- Recoméndase non dispoñer avituallamentos durante o percorrido en distancias de carreiras menores a 5 km. Na meta haberá, polo menos, avituallamento líquido.
- Todas as zonas de avituallamento no percorrido da carreira deben operar cun formato de autoservizo, evitando o contacto na entrega de botellas, vasos e resto de produtos.
- Debe asignarse un equipo diferente de voluntarios que atende os atletas e un equipo diferente para recoller as botellas/equipos usados.
- Contemplar a posibilidade de utilizar dispensadores e vaporizadores con solucións desinfectantes nos avituallamentos a disposición dos corredores.
- O persoal voluntario debe facer uso de máscara en todo momento e manter a hixiene frecuente de mans.
- Para minimizar o risco de aglomeracións nas zonas de avituallamento a lonxitude da zona de avituallamento debe aumentarse para facilitar que non haxa aglomeracións.
- Para calquera outra distancia, só se deben proporcionar alimentos envasados. A xestión dos alimentos debe seguir as disposicións de hixiene establecidas polas autoridades sanitarias.

8.8. ZONA DE CHEGADA

- Debe estar separada da zona de saída, non podendo ser compartido o espazo en ningún caso.
- A organización será a encargada de facilitar unha máscara ao corredor que chega a meta, será obrigatorio que o atleta abandone a zona de meta coa máscara posta.
- Os atletas evitarán falar, berrar ou dar ánimos a outros atletas así como interaccionar co público ata ter a máscara posta.
- Recoméndase que non haxa cinta de meta, ou que esta sexa desbotable para cada chegada.
- Debe incrementarse a 20 metros a distancia entre o arco de meta e a zona de medios de comunicación.
- Non se permitirá o acceso doutros deportistas que finalizasen á zona de meta.
- Debe existir un acceso directo á área médica.

- Ningún medio de comunicación debe estar fóra da área establecida.
- Os deportistas abandonarán a zona de meta, recollerán o seu avituallamento e dirixiranse a unha zona aberta.
- Só o persoal imprescindible debe permanecer nesta zona.

8.9. ZONA DE PENALIZACIÓN PROBAS DE MARCHA

Estas áreas deben deseñarse de maneira que respecten o distanciamento mínimo entre os atletas penalizados e os oficiais responsables da zona, así como entre outros atletas presentes na zona de penalización.

8.10. RECLAMACIÓNS

- A hora de realizar reclamacións orais ao xuíz árbitro, manterase en todo momento a distancia de 1,5 m. e o uso de máscaras por ambas partes.
- Xurado de Apelación: Manter criterios de distanciamento (1,5 m.) tanto para reunións como para a situación na zona de competición durante a proba.

8.11. PRESENTACIÓN DE ATLETAS

Na medida do posible evitaranse as presentacións de atletas e, no caso de que se fixesen, recoméndase:

- Manter todas as medidas de prevención e protección da saúde.
- Manter unha distancia mínima de 1,5 metros entre cada atleta.
- Facer só unha presentación unha vez que os atletas estean colocados nas súas posicións de saídas, non permitíndose ningún tipo de contacto ou saúdo entre eles.

8.12. ADESTRADORES / PERSOAL DE ORGANIZACIÓN INVOLUCRADO NA COMPETICIÓN

- A organización disporá unha área debidamente sinalizada para a localización dos adestradores persoais dos atletas participantes.
- Para poder acceder a esta zona, é necesario estar acreditado previamente pola organización.
- Non se permiten os movementos, excepto ás zonas establecidas e deberase gardar unha distancia mínima de seguridade de 1,5 metros.

- Será obrigatorio o uso de máscara para acceder á zona de adestradores.
- Vehículos da carreira, en coche, máximo 3 persoas ou vehículo alternativo. Levar sempre a máscara posta, ventilar vehículo antes e despois do seu uso -se se pode durante-, evitar o contacto físico e evitar tocar obxectos do vehículo na medida do posible. Desinfección das partes do vehículo susceptibles de estar en contacto (cinturóns, manillas das portas, etc.)
- Reunións técnicas telemáticas ou publicadas na web con período de preguntas por mensaxe.

8.13. ALOXAMENTO DO PERSOAL DE ORGANIZACIÓN

Para o aloxamento do persoal de organización, seguiranse en todo momento as directrices das autoridades competentes. A organización procurará que a localización do aloxamento estea o máis preto posible da sede para simplificar as operacións de transporte.

8.14. PÚBLICO

- Non se habilitarán zonas para público.
- A organización deberá evitar, que non haxa público nas zonas de pre saída, saída, meta e zona de premiacións, mediante barreiras controis ou as medidas necesarias para facer efectiva esta norma.
- A hora de deseñar o circuíto das probas, deberase procurar evitar zonas onde se poidan producir aglomeracións (cascos urbanos, zonas peatonais, prazas concurridas, etc....) e de ter que utilizar estes espazos, deberanse intensificar as medidas de control.